

(10)00

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008

CONCELLO DE BOIRO  
REXISTRO XERAL  
SAIDA Núm. 4122  
Data 26 ABR 2012



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

Exp. Ref. 128.12-T.A./126.12-T.A.

Asunto: Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012.

Xunto coa presente remítese <<Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012>> redactado polo técnico - arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza, que inclúe o listado provisional do novo depósito de materiais arqueolóxicos; xunto coa documentación presentada (copia de Notificacións e un CD coa documentación entregada no Centro Arqueolóxico en calidade de memorias técnicas) por un dos responsables das citadas intervencións, Xurxo M. Ayán Vila.

Asemade, SOLICITAMOS que se informe:

-Si estes documentos entregados agora en calidade de memoria técnica das devanditas intervención cumpren cos requisitos técnicos e normativos preceptivos.

-Si os documentos agora entregados son de destino e uso públicos, e dicir, si esta información se poderá facilitar a investigadores que soliciten acceder aos fondos, e de selo caso, en que condicións.

Aos efectos oportunos,

CONTABILIDADE DE GALICIA  
REXISTRO PORTELO ÚNICO  
Concello de BOIRO (A Coruña)  
26 ABR 2012  
ENTRADA Nº .....

Boiro, 18 de abril de 2012.



Asdo. Juan José Dieste Ortigueira  
Alcalde - Presidente do Concello de Boiro.

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n.  
15704 Santiago de Compostela

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Nº R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

Exp. Ref. 129.12-T.A./126.12-T.A.

**Asunto: Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012.**

Xunto coa presente remítese <<Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012>> redactado polo técnico -arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza (Concello de Boiro), remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e no cal se detectan unha serie de erros e anomalías que deberán aclararse de cara á redacción definitiva da acta depósito dos materiais consonte ao ó establecido no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 6.08.1997), e ao abeiro da resolución do 6 de maio de 2010, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se establece o depósito temporal dos materiais arqueolóxicos procedentes das escavacións realizadas no complexo arqueolóxico dos Castros de Neixón entre os anos 2003 e 2008.

Aos efectos oportunos,

Boiro, 18 de abril de 2012.



Asdo. Juan José Dieste Ortigueira  
Alcalde - Presidente do Concello de Boiro.

LABORATORIO DE PATRIMONIO  
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CINETÍFICAS  
INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS PADRE SARMIENTO  
LEONARDO GONZÁLEZ PÉREZ  
Rúa San Roque, 2  
15704 Santiago de Compostela

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008

N.º R. E. L. 01150119



Praca de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo@concelloboiro.org  
páxina web: www.boiro.org

Exp. Ref. 127.12-T.A./126.12-T.A.

**Asunto: Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012.**

Xunto coa presente remítese <<Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012>> redactado polo técnico -arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza (Concello de Boiro), remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e no cal se detectan unha serie de erros e anomalías que deberán aclararse de cara á redacción definitiva da acta depósito dos materiais consonte ao ó establecido no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 6.08.1997), e ao abeiro da resolución do 6 de maio de 2010, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se establece o depósito temporal dos materiais arqueolóxicos procedentes das escavacións realizadas no complexo arqueolóxico dos Castros de Neixón entre os anos 2003 e 2008.

Aos efectos oportunos,

Boiro, 18 de abril de 2012.



Asdo. Juan José Dieste Ortigueira  
Alcalde - Presidente do Concello de Boiro.

LABORATORIO DE PATRIMONIO  
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CINETÍFICAS  
INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS PADRE SARMIENTO  
XURXO M. AYÁN VILA  
Rúa San Roque, 2  
15704 Santiago de Compostela

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

Exp. Ref. 116.12-T.A.

**Asunto: Informe sobre a entrega das memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas nos castros de Neixón 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008; e novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004. Entrega marzo, 2012.**

D. Víctor J. Barbeito Pose, con DNI: 76.966.797-B, como técnico –arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza, xurídica e administrativamente dependente do Concello de Boiro, con enderezo no lugar de Neixón s/n, 15991 Cespón (Boiro, A Coruña),

# INFORMA.

## ANTECEDENTES.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a instancia do Concello de Boiro (24.02.2010) emite resolución con data 6 de maio de 2010, en relación cos materiais exhumados no complexo arqueolóxico dos castros de Neixón, na que se determina que *<<unha vez recibidos os materiais arqueolóxicos, o concello de Boiro estenderá unha acta de depósito acompañada dun inventario dos materiais arqueolóxicos e da documentación complementaria recibida. Dita acta, xunto co inventario, terá que remitirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.*

Con data 22 de febreiro de 2012 (Rexistro entrada num. 1912 do Concello de Boiro) recíbense sendas copias dos escritos remitidos polo director xeral do Patrimonio Cultural aos responsables das escavacións relativos á entrega das memorias técnicas e dos materiais nos que se insta a Xurxo M. Ayán Vila e Leonardo González Pérez, sobre a entrega das memorias técnicas e depósito de materiais procedentes das campañas de actuación arqueolóxicas de **2003, 2004, 2005, 2006, 2007e 2008** nos Castros de Neixón,



## CONCELLO DE BOIRO

no que se insta, entre outros, á entrega das **memorias técnicas** correspondentes e a completar axiña o depósito dos materiais arqueolóxicos no **Centro Arqueolóxico do Barbanza**.

Con data 15 de marzo de 2012, Xurxo M. Ayán Vila procede á entrega parcial (1 caixa) dos materiais arqueolóxicos procedentes da escavación dos Castro Grande de Neixón, campaña 2004. Acompañando aos materiais depositados fai entrega dun exemplar en formato papel da relación de pezas que procede a depositar (Inventario) e unha notificación na que se procede a unha serie de aclaracións respecto dos datos e información que figura no noso *Informe sobre a recepción e proceso de depósito temporal dos materiais arqueolóxicos procedentes da intervención arqueolóxica no Castro Grande de Neixón, campaña 2004*, redactado con data 4.10.2011. Estas aclaracións non resúlvon o total das cuestións planteadas no citado informe.

Asemade, procede á entrega dun CD con documentos presentados baixo a denominación de <<memorias técnicas das intervencións arqueolóxicas>> desenvoltas nos castros de Neixón en 2004, 2005, 2006, 2007 (escavación), 2007 (consolidación de estruturas) e 2008, xunto cunha notificación na que se informa sobre a presentación dunha versión final da memoria correspondente ao 2004, que substitúe á copia provisional entregada con anterioridade no Centro Arqueolóxico.

## MEMORIAS TÉCNICAS.

### CONTIDO.

Formando parte do CD atópanse os seguintes arquivos:

CARTAFOL *Memorias Neixón 2004-2008*:

- **Memoria técnica. Campaña de 2004.**
  - o Inventario de Materiais.
    - *Anexo campaña 2004. Caixa 22* (arquivo en formato PDF).
    - *Catálogo de materiais 2004 Sector 01* (arquivo en formato PDF).



## CONCELLO DE BOIRO

- *Catálogo de materiais 2004 Sector 02* (arquivo en formato PDF).
- *Catálogo de materiais 2004 Sector 03* (arquivo en formato PDF).
- *Memoria Técnica 2004* (arquivo en formato PDF)
- **Memoria técnica. Campaña 2005.**
  - Estudos específicos
    - *Estudo de cerámica fina romana. Campaña de 2005*
      - *Figuras texto* (fig. 1 á 6, e gráfico 1, arquivos en formato TIFF).
      - *Estudo da cerámica fina romana. Campaña de 2005* (arquivo en formato PDF).
      - *Fotografías de detalle da fibula*
    - Fotografías de detalle da fibula
      - *FOX001 á 15*, arquivos en formato JPG.
    - *Estudo antracolórico. Campaña de 2005* (arquivo en formato PDF).
    - *Estudo arqueozoológico. Campaña de 2005* (arquivo en formato PDF).
    - *Estudo malacolórico. Campaña de 2005* (arquivo en formato PDF).
  - Láminas.
    - *Lámina 01 á 51* (arquivo en formato PDF).
  - *05R32MT01* [Memoria técnica] (arquivo en formato PDF).
  - *Inventario de materiais 2005* (arquivo en formato PDF).
- **Memoria técnica. Campaña de 2006.**
  - Debuxo cerámica púnica
    - *NEI\_Cerámica púnica* (arquivo en formato JPG)
  - Fotos cerámica pintada castrexa e púnica
    - *FO2887X001, 5, 6, 7, 17, 18, 19, 20, 23, 24, 25, 26,27, 28 e 29* (arquivo en formato JPG).
  - Láminas
    - *Lámina 1 á 70* (arquivo en formato PDF).
  - Plano foxas
    - *Foxas* (arquivo en formato JPG).
  - *Catálogo de materiais 2006* (arquivo en formato PDF).



## CONCELLO DE BOIRO

- o *Neixón 2006. Memoria Técnica* (arquivo en formato PDF).
  
- **Memoria técnica. Campaña de 2007.**
  - o Láminas
    - *Lámina 01 á 15* (arquivo en formato PDF).
  - o *07R11MT01* [Memoria Técnica] (arquivo en formato PDF).
  - o *Inventario de materiais 2007* (arquivo en formato PDF).
  
- **MT Consolidación 2007.**
  - o *07R11MT01* [Memoria Técnica] (arquivo en formato PDF).
  
- **Memoria técnica. Campaña de 2008.**
  - o Láminas
    - *Lámina 01 á 26* (arquivo en formato PDF).
  - o *08R34MT01*[Memoria Técnica] (arquivo en formato PDF).
  - o *Catálogo de materiais 2008* (arquivo en formato PDF).
  - o *Solicitude Neixón analises paleometalúrxicas* (arquivo en formato PDF).

## AVALIACIÓN XERAL.

Unha vez realizada unha primeira lectura pormenorizada do material entregado, procedemos a destacar varias circunstancias que afectan a toda a documentación entregada agora en calidade de memorias técnicas e documentación complementaria:

1. **Deficiencias na recollida de información do rexistro arqueolóxico.** Advírtese unha **AUSENCIA DE PLANIMETRÍAS** (seccións, plantas, altimetrías/cotas, ...) en todos os documentos entregados; sendo especialmente deficientes en documentos do ano 2004 e 2007. No exíguo conxunto que se dispón coa intención de cubrir este ámbito (planimetrías) faise con gráficos e láminas, que rara vez presentan altimetrías, e ademais a escala non suficientemente representativa; todo isto resulta especialmente destacado, unido á **OMISIÓN** de planos e á **INSUFICIENCIA** do



## CONCELLO DE BOIRO

establecemento de relacións estratigráficas entre os distintos elementos, impide facer un seguimento dos datos obtidos.

Téñase en conta ademais que en ningún dos documentos presentados aparece a relación de unidades estratigráficas identificadas en cada campaña. Tampouco se presenta a correspondencia entre as unidades estratigráficas das distintas campañas o que non permite cotexar e comprobar os datos obtidos e a interpretación aportada, así como tampouco se aporta unha visión global do conxunto de actuacións (**carecese de planos do conxunto de estruturas e áreas intervidas ao longo das citadas intervencións, non aparecen recollidas todas as estruturas exhumadas, faltan planos de detalle onde ademais de aparecer siluetas e tramas, se recollan o debuxo dos paramentos no caso dos muros, ...**).

Incorporamos como anexos a este informe, varias táboas nas que se sinala as UE's que aparecen mencionadas (que nalgún caso non significa que descrita) no texto do documento que se denomina Memoria Técnica, seguido da confirmación de si dispón de documentación gráfica, planimétrica e altimétrica pertinente.

A modo de exemplo: advirtese que non existen debuxos de planta das distintas estruturas exhumadas, máis alá do seu contorno<sup>1</sup>; así por exemplo:

- -Descoñecemos o debuxo en detalle dos paramentos exhumados nas distintas campañas previo as labores de restauración.
- -Non se dispón dun plano (sexa dixital ou papel) onde aparezan recollidas todas as estruturas exhumadas nas campañas obxecto deste informe.
- As designadas como foxas do Castro Grande non contan coas seccións correspondentes.
- ...

---

<sup>1</sup> A excepción dos foxos e gabias valorativas realizadas, pero aínda así nalgún dos casos amósanse a unha escala de representación moi reducida o que impide o seu estudo en detalle. Noutros casos carecen de escala ou de altimetrías, e nalgún como p.e. a gabia valorativa executada no sector 1 presenta cotas relativas sen fixar o punto de partida respecto da tan aludida planimetría en detalle da área arqueolóxica.





## CONCELLO DE BOIRO

Dende a nosa perspectiva, e a tenor dos datos dos que dispomos, consideramos unha falta de responsabilidade e de rigor presentar os distintos documentos a modo de memoria técnica, cando sintomaticamente se detecta a ausencia de datos, e especialmente dos planimétricos, que forman parte fundamental do rexistro arqueolóxico.

Neste senso sinalar que o complexo arqueolóxico dos Castros de Neixón é unha área arqueolóxica en proceso de investigación e revalorización, onde se contemplan labores de consolidación e restauración arqueolóxica, como os levados a cabo na campaña 2011, polo cal é preciso coñecer en detalle as planimetrías obtidas polos distintos equipos que interviñeron; principalmente tendo en conta que:

- en cada un dos proxectos arqueolóxicos autorizados, nomeadamente 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008, se recolle textualmente no apartado de *Metodoloxía e Plano de Traballo*, que a estratexia de rexistro se desenvolverá segundo o recollido na publicación PARCERO et Alli (1999): *El registro de la información en intervenciones arqueológicas*. Col. CAPA, 9. Santiago de Compostela: LAFC, Universidade de Santiago de Compostela; **e non consta que así sexa**, dado que segundo se recolle na citada publicación <<Registrar la información **de modo textual** es la primera de las formas posibles de hacerlo. La segunda es recurrir a sistemas de **representación gráfica. Ambos modos no son sólo perfectamente compatibles sino necesariamente co-operativos. De poco sirven uno sin el otro**>>, pp. 24.; <<El dibujo es, junto a la información escrita, **el componente esencial de cualquier sistema de registro de la información en una intervención arqueológica**. Si bien existen otras tecnologías de documentación gráfica, como fotografía convencional, vídeo, fotografía digital,..., y tal vez lleguen a existir muchas otras, el dibujo es un elemento insustituible, que puede ser complementado, matizado y reforzado con cualquier otro medio de registro, pero que nunca debe ser dejado de lado>>, pp. 25.
- Nos documentos agora entregados como Memorias Técnicas, antano como informes valorativos, se recolle no apto. de *Procesado e xestión preliminares da información; concretamente no 2.2.1.Revisión e verificación do rexistro*, que a



## CONCELLO DE BOIRO

*<<información gráfica, tanto debuxo como fotografía, tratarase dixitalmente para facela manexable dende soportes informáticos. En concreto, as prantas, seccións e planimetrías serán dixitalizadas en formato vectorial (CAD) e a fotografía almacenarase en formatos estándar (TIFF o JPG)>>; e non foron entregadas.*

- Segundo os artigos 9.3, 9.7, 11.1 e 12.1 do Decreto 199/1997, de 10 de xullo que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia, respectivamente, establece que os traballos deben executarse de acordo co proxecto aprobado e autorización concedida; que o director ten a responsabilidade de realizar o rexistro e documentación da actividade; que a memoria técnica é o conxunto de documentos necesarios para reflexar todo o proceso de traballo seguido de acordo cos obxectivos do proxecto aprobado, describir e interpretar o rexistro arqueolóxico xerado e os resultados globais obtidos, acompañado todo ilo da documentación gráfica necesaria; que ademais permita un tratamento museográfico axeitado.
  
- 2. **Seguen se coincidir os datos respecto da cultura material exhumada presente nos documentos actuais cos recepciónados no Centro Arqueolóxico. (existen contradicións entre os datos, nº de elementos ...).**
  
- 3. Na **redacción apreciase falla de rigor e imprecisión**, principalmente onde se sinala que se está en proceso de redacción dunha memoria definitiva (véxase a modo de exemplos as páx. 147e 154 da Memoria 2007, páx. 49 da Memoria de 2008, etc.). Así mesmo, certas informacións presentes non se atañen á realidade; nembargantes, esta cuestión en particular excédese do obxecto deste informe, sendo propio dun estudo de investigación e non dun informe administrativo como o actual.



## CONCELLO DE BOIRO

### **AVALIACIÓN PARTICULAR.**

Ademais do citado no apartado anterior que atinxe ao xeral dos documentos entregados en calidade de memorias técnicas, detéctase a nivel particular de cada unha das campañas de escavación unha serie e de **ausencias, anomalías e erros** que procedemos a sinalar.

#### **-Respecto da memoria técnica do ano 2004 e documentación complementaria.**

Sinalar que a pesar de que a memoria entregada é a versión final segundo informa o responsable, detéctase a ausencia das láminas que se citan no pto. 13. *Material gráfico complementario*, da memoria técnica (pax. 77-80), dado que aparecen nomeadas e relacionadas as distintas láminas, pero non se incorporan ao exemplar da memoria entregada no Centro Arqueolóxico.

#### **-Respecto da memoria técnica do ano 2005 e documentación complementaria.**

Dado que foi entregada unha nova versión da memoria, será preciso aclarar as consideracións recollidas no informe con data 2/11/11, concretamente co punto 4, <<Posibles procesos de consolidación e restauración non documentados>>; dado que foron detectados modificacións importantes do elemento metálico PZNEI03/h00002.

Indicar tamén que os materiais procedentes do estudo arqueozoolóxico non aparecen identificados, o que imposibilita un axeitado tratamento museográfico.

#### **-Respecto da memoria técnica do ano 2006 e documentación complementaria.**

Dúas observacións:



## CONCELLO DE BOIRO

1- Segundo recolle o responsable da escavacións na pax. 47 do documento denominado *Neixón 2006. Memoria Técnica*:

### *2.3.4. Análises antracolóxicas*

*Nun principio ían ser realizadas por María Martín Seijo, especialista do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela. A falla de presuposto e os impagos acumulados polo Excmo. Concello de Boiro impediron realizar estes estudos. As mostras foron depositadas no CAB.*

A este respecto sinalar que a intervención levada a cabo no ano 2006 foi aboada nos termos recollidos no convenio asinado entre Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, da Xunta de Galicia, o Concello de Boiro e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, con data 28 de xuño de 2006, co obxecto da realización dun campo de traballo arqueolóxico no Concello de Boiro.

2- Segundo recolle o responsable da escavacións na pax. 105, aptdo. *Observacións* do documento denominado *Catálogo de Materiais 2006*, respecto da peza:

*J000001 en estudo para a terceira monografía sobre os castros de Neixón. Seleccionada para levar acabo un estudo paleometalúrxico, éste non se puido realizar debido á notificación da DXPC para depositar estes materiais de xeito inmediato no CAB. Ao abrir a bolsa, para proceder a este depósito, non se atopaba a conreira dentro. A bolsa formaba parte dos materiais ubicados nas caixas depositadas provisoriamente no almacén do CAB, ao que non temos acceso dende 2008, polo que descoñecemos o seu paradiro actual.*

A este respecto é preciso sinalar que en ningún momento foi depositada a citada peza no Centro Arqueolóxico como se indica; así mesmo, e de acordo co art. 12 Depósito de materiais do Decreto 199/1997, de 10 de xullo que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia, sinalase que ata que os materiais arqueolóxicos sexan entregados no museo que a Administración designe, o titular da autorización será o depositario legal, e dicir o director das escavacións é o responsable da custodia. Poren, e dado o interese da peza deberá requirirse a súa entrega.

-Respecto da **memoria técnica do ano 2007 e documentación complementaria.**

Tres observacións:

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

1- Segundo recolle o responsable da intervención na páx. 137, do documento denominado *07R11MT01*, concretamente no apto:

*ACTUACIÓN 6: DATACIÓNS RADIOCARBÓNICAS E ANÁLISES ANTRACOLÓXICAS*  
*No inventario de materiais recolleemos as mostras antracolóxicas seleccionadas nesta campaña de 2007 para levar a cabo análises antracolóxicas e radiométricas.*  
*Esta investigación non puido levarse a cabo pola falla de presuposto e os impagos do Excmo. Concello de Boiro.*

A este respecto, sinalar que a intervención levada a cabo no ano 2007 realizouse ao abeiro dun convenio bilateral entre USC e Concello de Boiro, onde estaban perfectamente determinadas as obrigas e responsabilidade de cada unha das partes (convenio asinado con data 18 de xuño de 2007, Convenio de colaboración entre o Concello de Boiro e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dunha escavación, campo de traballo e posta en valor do Castro Grande de Neixón. Campaña 2007); no que se sinala textualmente nas seguintes cláusulas:

*-Segunda. Duración do traballo.*

*As actividades a desenvolver no marco do presente Convenio **deberán estar finalizadas en decembro de 2007.***

*-Terceira. Responsabilidade do traballo.*

*...Os traballos **deberán atenerse ó proxecto presentado na Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, autorizado por dita Institución, e completará tódalas esixencias que demande.***

*-Quinta. Importe e condicións de pago.*

*Como contraprestación pola realización dos traballos, ADMINISTRACIÓN **comprométese a aboar á USC a cantidade de sesenta e cinco mil seiscientos cincuenta e cinco Euros con cero céntimos (65.655,00 EUR), esta cantidade deberá incrementarse co correspondente IVA. Para facer fronte a dito importe existe crédito suficiente na partida presupostaria 453.22706.***

*Os pagos se distribuirán da seguinte maneira:*

- ✦ 50 % á sinatura do presente convenio
- ✦ 50 % á entrega do informe final.

E tal como ten recoñecido Xurxo M. Ayán Vila en representación do CSIC e como responsable científico en documento recibido no Rexistro Xeral do Concello de Boiro



## CONCELLO DE BOIRO

con núm. 4708 e data 9.04.2008 na cal recoñece que parte dos traballos a executar ao abeiro do convenio non estaban realizados na data da entrega do citado documento. Polo tanto, aténdenos aos feitos, sinalar que os impagos non son tal, senón que se trata dun incumprimento flagrante de convenio.

Colateralmente, sinalar ao abeiro do citado convenio asinado, concretamente a cláusula SEXTA-Confidencialidade da Información e dos Resultados, determina <<Cando a USC desexe utilizar ditos resultados para a súa publicación deberá obter a autorización previa da ADMINISTRACIÓN ...>>, entendida a ADMINISTRACIÓN, neste caso como o Concello de Boiro, e publicáronse resultados en diversas publicacións para as que non foi solicitada a autorización, como tampouco se menciona a procedencia dos fondos, nin do Concello de Boiro nin da Dirección Xeral de Xuventude.

2- Segundo recolle o responsable da intervención na páx. 156, do documento denominado *07R11MT01*, concretamente no apto destinado á:

### *ANÁLISE PRELIMINAR DO MATERIAL ARQUEOLÓXICO RECUPERADO*

*A campaña arqueolóxica de 2007 deu como resultado a documentación de **2952 fragmentos cerámicos**, 38 líticos, 1 doa de pasta vítrea, 1 agulla de bronce, 1 anaco de aríbalos púnico, 50 anacos de escoura, 54 mostras (entre ictiolóxicas, paleontolóxicas, malacolóxicas, antracolóxicas e sedimentolóxicas) e dous anacos de crisois cerámicos de fundición.*

#### *1. Síntese do material cerámico exhumado*

*Na liña das campañas precedentes contamos cunha cantidade pequena de materiais (con respecto ao que é a escavación dun poboado fortificado) pero de grande representatividade pola súa calidade, estado de conservación e contexto de aparición.*

*Até o momento temos documentados uns **2000 fragmentos cerámicos** (todo sistematizado e siglado, traballo que foi realizado polos voluntarios do campo de traballo).*

Tal e como se manifesta, non queda claro cal é a cantidade de fragmentos cerámicos recuperados, dado que ningunha das cifras coincide, como tampouco coincide co material entregado no Centro Arqueolóxico. Advírtese a ausencia de materiais como é a ola de borde arestado presente na fig. 29 pax. 156 do documento en análise.

3- Resulta significativo que non apareza ningunha mención, nin textual nin por suposto planimétrica, ás sondaxes arqueolóxicas realizadas no sector leste do Castro Grande de Neixón, concretamente unhas realizadas ao leste do actual camiño de acceso rodado



## CONCELLO DE BOIRO

e sobre unha pequena plataforma, dado que nos consta, ao termos acceso a documentación gráfica ao respecto, e materiais arqueolóxicos recepcionados que segundo presentan na súa etiquetaxe proveñen desta área, o que impide un tratamento museográfico axeitado.

### **-Respecto da memoria técnica de restauración 2007 e documentación complementaria.**

Segundo se menciona na páx. 31 do documento denominada *07R11MT01*, deberían acompañarse de dúas láminas que non foron incorporadas, concretamente:

Lámina 1. Planimetría do sector 01 coas estruturas restituídas.

Lámina 2. Planimetría do sector 02 coas estruturas restituídas.

### **-Respecto da memoria técnica do ano 2008 e documentación complementaria.**

Na páx. 52 do documento presentado baixo a denominación *08R34MT01*, procédese á descrición dunha unidade estratigráfica sen figurar de que unidade se trata.

**A copia do documento que agora se presenta como memoria técnica é unha simple síntese, que foi entregada no seu momento como informe valorativo.**

### **Detección de erros e anomalías na entrega do novo material arqueolóxico da campaña 2004 (ITNEI02).**

Foron recepcionados un total de 350 fragmentos cerámicos, das cales dúas delas aparecen baixo a mesma sigla, concretamente a PZNEI02/001519, tratándose dun borde e dun galbo, sen seguridade de pertencer o mesmo recipiente; tamén foron recepcionadas dúas pezas baixo o mesmo código, PZNEI02/00689. No último Inventario aparece a referencia PZNEI02/005019, que non figura entregada, nembargantes, foi

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

entregada unha peza sen sigla, e por descarte optouse de maneira provisional a atribución desta sigla.

Cabe sinalar que a peza agora recepcionada, concretamente a PZNEI02/001612 xa fora recepcionada no seu día segundo consta no anterior inventario.

Sinalar que na páxina 18 do inventario na entrada correspondente a materiais que foron eliminados, concretamente dende a PZNEI02/001329, non se pode apreciar o rango final, polo que se precisaría aclaración ao respecto.

A	001329-	002	Conxunto de fragmentos cerámicos. Contabilizados e eliminados pola súa natureza informe, minúsculae deleznable
---	---------	-----	--

**A MODO de CONCLUSIÓN**, Dado que se trata dunha área arqueolóxica en proceso de investigación e revalorización, creemos que a documentación xerada debera ter a suficiente definición, principalmente a documentación planimétrica, para poder contrastar os datos obtidos.

A escasa definición que presentan os gráficos, e a ausencia total de planimetrías (cotas, planos detalle de muros antes da restauración, delimitacións e localización de todas as UE's), consideramos que non cumpre cos requisitos necesarios para consideralas memorias técnicas, atendendo ao recollido no art. 11 do Decreto 199/1997, dado que non foron presentados o conxunto de documentos necesarios para reflexar todo o proceso de traballo seguido de acordo cos obxectivos do proxecto aprobado, dado que non se describe axeitadamente o rexistro arqueolóxico (faltan debuxos de plantas, seccións, altimetrías, etc.), non se dispón dos resultados globais das intervencións (p.e.: non contamos con ningún plano onde aparezan o conxunto de estruturas exhumadas dende 2003 a 2008, o que non permite unha visión de conxunto coherente e tampouco permite coñecer o proceso de escavación).





## CONCELLO DE BOIRO

O conxunto de documentación que se presenta non permite contrastar a información obtida tralas intervencións, e resolver certas dúbidas de fundamental importancia para asumir os resultados obtidos.

Resulta enigmática a ausencia de planimetrías, enténdase, non só gráficos con contornos de UE's a escala escasamente representativa, senón planos a escala suficientemente significativas, onde aparezan recollidas as cotas, seccións de estruturas en negativo, tal e como se recolle para parte do foxo do Castro Grande, pero se obvian para as foxas e/ou fondos de cabana, a localización dos buratos de poste, gabias de cimentación, localización de certos depósitos. Neste senso, consideramos anómalo que na memoria do ano 2007, aínda que é extensible ás restantes, de 37 UE's só se teña constancia de cotas para 7. Se ademais temos en conta que non existen cotas (ou en caso de estar recollidas son ilegibles, p.e. lámina 23 da memoria do ano 2008), imposibilita o axeitado tratamento dos restos.

Respecto dos materiais arqueolóxicos existe unha incoherencia no número de pezas exhumadas, o que precisa unha aclaración.

En resumo, atopámonos antes sínteses máis ou menos extensas, onde paralelamente **aos resultados preliminares da escavación se incorporar estudos máis ou menos detallados de diversos aspectos, pero non se recolle todo o rexistro arqueolóxico xerado**. É aínda que non sexa o obxectivo deste informe, que soamente pretende dar continuidade a un procedemento administrativo, advírtese de incongruencias importantes na interpretación xeral do xacemento a vista dos datos presentados.

O presente documento realízase atendendo á normativa sobre o patrimonio arqueolóxico e outras disposicións concordantes co fin de comunicar aos responsables das intervencións arqueolóxicas, Xurxo M. Ayán Vila, Leonardo González Pérez e á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o estado do proceso da documentación precisa para o axeitado tratamento dos fondos.

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

Realízase o presente informe con criterio obxectivo, e solicítase á administración competente que exerza, si o considera oportuno, e atendo o artigo 15.C. do Decreto 199/1997, de 10 de xullo, á verificación dos feitos constatados neste informe.

**Por todo o exposto, SOLICITAMOS, procédase a enmenda de erros e a entrega da documentación precisa para dar cumprimento ao Decreto 199/1997 e ao recollido nos distintos proxectos autorizados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, onde aparezan recollidos os traballos levados a cabo.**

Boiro, 18 de abril de 2012.

Asdo. Víctor J. Barbeito Pose.

Técnico-arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza (Concello de Boiro).

Anéxanse a este informe os seguintes listados:

- Listado 001. ITNEI02 (2004). Listado provisional de novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004 (ITNEI02). Entrega marzo 2012.
- Listado 002. ITNEI03 (2005). Táboa de control de rexistro de unidades estratigráficas da campaña 2005.
- Listado 003. ITNEI04 (2006). Táboa de control de rexistro de unidades estratigráficas da campaña 2006.
- Listado 004. ITNEI05 (2007). Táboa de control de rexistro de unidades estratigráficas da campaña 2007.
- Listado 004. ITNEI06 e ITNEI07 (2008). Táboa de control de rexistro de unidades estratigráficas da campaña 2008.

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

### Listado 001.

### ITNEI02 (2004).

### Listado provisional de novos materiais arqueolóxicos da campaña 2004 (ITNEI02). Entrega marzo 2012.

PZNEI02/A000121	PZNEI02/A000723	PZNEI02/A001490	PZNEI02/A001549	PZNEI02/A001607	PZNEI02/A001665
PZNEI02/A000122	PZNEI02/A000724	PZNEI02/A001491	PZNEI02/A001550	PZNEI02/A001608	PZNEI02/A001666
PZNEI02/A000244	PZNEI02/A000725	PZNEI02/A001492	PZNEI02/A001551	PZNEI02/A001609	PZNEI02/A001667
PZNEI02/A000305	PZNEI02/A000726	PZNEI02/A001493	PZNEI02/A001552	PZNEI02/A001610	PZNEI02/A001668
PZNEI02/A000314	PZNEI02/A000727	PZNEI02/A001494	PZNEI02/A001553	PZNEI02/A001611	PZNEI02/A001669
PZNEI02/A000315	PZNEI02/A000728	PZNEI02/A001495	PZNEI02/A001554	PZNEI02/A001612	PZNEI02/A001670
PZNEI02/A000316	PZNEI02/A000729	PZNEI02/A001496	PZNEI02/A001555	PZNEI02/A001613	PZNEI02/A001671
PZNEI02/A000317	PZNEI02/A000730	PZNEI02/A001497	PZNEI02/A001556	PZNEI02/A001614	PZNEI02/A001672
PZNEI02/A000490	PZNEI02/A000731	PZNEI02/A001498	PZNEI02/A001557	PZNEI02/A001615	PZNEI02/A001673
PZNEI02/A000570	PZNEI02/A000732	PZNEI02/A001499	PZNEI02/A001558	PZNEI02/A001616	PZNEI02/A001674
PZNEI02/A000571	PZNEI02/A000733	PZNEI02/A001500	PZNEI02/A001559	PZNEI02/A001617	PZNEI02/A001675
PZNEI02/A000623	PZNEI02/A000734	PZNEI02/A001501	PZNEI02/A001560	PZNEI02/A001618	PZNEI02/A001676
PZNEI02/A000654	PZNEI02/A000735	PZNEI02/A001502	PZNEI02/A001561	PZNEI02/A001619	PZNEI02/A001677
PZNEI02/A000664	PZNEI02/A000736	PZNEI02/A001503	PZNEI02/A001562	PZNEI02/A001620	PZNEI02/A001678
PZNEI02/A000678	PZNEI02/A000737	PZNEI02/A001504	PZNEI02/A001563	PZNEI02/A001621	PZNEI02/A001679
PZNEI02/A000679	PZNEI02/A000738	PZNEI02/A001505	PZNEI02/A001564	PZNEI02/A001622	PZNEI02/A001680
